

Biblioteca escolar

Normas de uso da biblioteca ante a covid-19



Préstamos e devolucións

É importante seguir usando a biblioteca garantindo a seguridade.

Cada clase de primaria terá asignada unha sesión á semana para acudir á biblioteca. O profesorado coordinarase para mentres un queda na clase, outro estará na biblioteca para facer o préstamo. Irá mandando aos nenos e nenas en grupos de 8 como máximo. Alí respectaran a fila sinalada, pedindo á bibliotecaria o libro, película... que queiran levar.

Normas importantes

Atención

1

AFORO

Queda reducido a 8 nenos e nenas

2

CIRCULACIÓN

Non está permitida a libre circulación pola biblioteca.

3

ANDEIS

Só pode coller os libros dos andeis, o profesorado encargado do préstamo.

Desinfectar as mans




Antes de entrar e saír da biblioteca co xel hidroalcohólico accesible na entrada.

Uso da máscara



Emprego sempre da máscara na biblioteca.

Distancia de seguridade



É obrigatorio manter a distancia de seguridade en todo momento.

Ao rematar o préstamo, o profesorado desinfectará a mesa, cadeira, ordenador e todos os materiais empregados. Os libros e materiais que se queiran devolver, serán depositados directamente polos/as usuarios/as nas caixas habilitadas e identificadas para tal efecto. Estas permanecerán pechadas unha semana, para despois poder facer a devolución no meiga e colocalos nos andeis, por algún membro do equipo de biblioteca.



Préstamo para Educación Infantil

O alumnado de Infantil fará o préstamo de libros para levar ás casas, dende as súas aulas. O profesorado terá dúas caixas: unha para coller os libros da biblioteca e outra para depositalos unha vez devoltos. Os libros manteranse en corentena unha semana, antes de ser devoltos á biblioteca.



OUTROS ASPECTOS

Mentras dure a pandemia, a biblioteca permanecerá pechada durante os recreos. O profesorado interesado en utilizar a biblioteca como aula (aforo máximo 8 alumnos/as), deberá reservar previamente a hora solicitada, anotándola nun horario dispoñible no taboleiro da entrada á biblioteca. O profesorado deberá vixiar o cumprimento das normas sanitarias da biblioteca e ventilará a sala ao final da clase. Haberá dúas mochilas viaxeiras para cada clase, para poder manter unha en corentena, mentras a outra está nunha casa.

O tema escollido para traballar este ano é Tokio 2021. "O mellor que teñen os soños é que poden facerse realidade". Pierre de Coubertain.

